

# PEZA DESTACADA

## A PEZA

Dende o século XIX ata a década de 1960 foron publicados diversos manuais escolares baixo o título “Lecciones de cosas” ou derivacións do mesmo. Na súa meirande parte compartiron todos unha serie de características que fan que podamos falar deles como unha tipoloxía de manual en si mesma.

Un deles foi o publicado por El Magisterio Español cuxa autoría corresponde ao que fora un dos fundadores da propia editorial, o pedagogo Ezequiel Solana Ramírez (1863-1931).


A obra integra unha sucesión de leccións de temáticas diferentes que responden á estrutura propia do seu xénero na que a aprendizaxe parte da análise dun obxecto ou situación moi concreta que posteriormente pode levar a introducir cuestións máis abstractas.

É singular do manual de Solana a forma en que selecciona e secuencia os distintos temas tratados, a través de once capítulos correspondentes cos once meses do ano nos

## Lecciones de cosas


Madrid, El Magisterio Español, 1931

Solana, Ezequiel



que discorría o curso escolar: de setembro a xullo. Esta estrutura implica non só unha adaptación do manual ao calendario escolar (dentro de cada mes cada lección

## AS LECCIÓN DE COUSAS E A PEDAGOXÍA INTUITIVA



corresponde a un día) senón tamén a relación das temáticas tratadas coa época do ano na que se prevé traballalas na aula. Así cada mes comeza cunha lección sobre as particularidades do mesmo, para logo continuar con temas relacionados con algúns dos seus elementos característicos: árbores, froitos, climatoloxía, festividades... propias desa época do ano. Isto facilitaría cumprir cunha das bases deste tipo de manuais, reflexo dos principios da pedagogía intuitiva: tomar como punto de partida a propia experiencia do alumnado, o contacto directo co obxecto ou tema a tratar.

En cada lección repite un mesmo esquema: presentación do tema a través dun pequeno texto, a modo de lectura breve, seguido dunha serie de preguntas ou exercicios de observación e reflexión. Un gravado ilustra o tema reforzando así a súa presenza ou mesmo servindo para substituír á experiencia directa cando fora preciso.


O exemplar aquí exposto, publicado en 1931, forma parte da 8ª edición da obra, o que da conta da gran difusión que tivo e que mantivo durante un longo período de tempo: dende os primeiros exemplares, anteriores a 1921, ata os últimos da década de 1960.

A introdución deste tipo de manuais coincidiu coa aparición do movemento de renovación pedagóxica Escola Nova, defensor dunha serie de innovacións que artellaban un modelo no que nenos e nenas tornábanse en protagonistas do proceso educativo, en contraposición ao ensino tradicional imperante baseado na memorización. Neste contexto tiveron unha enorme influencia os aportes do pedagogo Johann Heinrich Pestalozzi, cuxas experiencias estableceran as bases da chamada pedagogía intuitiva. Segundo esta a intuición é o fundamento de todo coñecemento polo que a aprendizaxe, para ser significativa, debía partir da apreciación sensible.

As *leccións de cousas* tentaban facer precisamente unha transposición destes principios, tomando como punto de partida a observación e contacto directo co obxecto de estudo e dando tamén así ao alumnado un papel moito máis activo do que se agardaba xa non que memorizara contidos senón que observara, analizara, clasificara... guiado polo docente e polo propio manual.

Porén moitas veces non era posible poñer ao alumnado en contacto con certos elementos ou realidades, alleas á súa contorna. Era nestes casos cando o obxecto

e o contacto directo co mesmo podía ser substituído por imaxes que o libro proporcionaba en forma de debuxo, gravado, ou fotografía.



O longo período de difusión das *lecciones de cosas* explica as variacións que se foron producindo nesta tipoloxía e a diversidade que a mesma abrangue. Nun primeiro

momento caracterizáronse por unha estrutura en forma de diálogo entre profesorado e alumnado: a persoa docente presentaba un obxecto para, a continuación, a través de preguntas, dirixir un proceso de observación e análise no que o alumnado iría identificando e nomeando elementos e cualidades. Co tempo este formato mudaría ó ir integrando textos de pequena extensión, destinados á lectura seguidos de preguntas ou exercicios orientados ao proceso de reflexión e análise, tal e como acontece na obra de Solana. Os derradeiros en publicarse datan da década de 1960, época na que esta tipoloxía foi desaparecendo baixo o empuxe dunha nova: a enciclopedia escolar.

## BIBLIOGRAFÍA

- CASTRO LEGUA, V. (1893) *Cuestiones de pedagogía práctica. Medios de instruir*. Librería de la Viuda de Hernando y Ca
- SUREDA GARCÍA, B. (1985) "Los inicios de la difusión del método de Pestalozzi en España. El papel de los diplomáticos españoles en Suiza y de la prensa periódica." *Historia de la Educación*, 4, 35-62.
- SANCHIDRIÁN, C. ; MOLINA, M.D. Y ÁLVAREZ V.E. (2024) "Las primeras cajas de lecciones de cosas y libros diseñados para la aplicación del principio de intuición en educación." *Modos de entender, pensar y sentir el patrimonio histórico educativo*. Ed. Universidad de Salamanca.
- SANCHIDRIÁN, C. ; MOLINA, M.D. Y ÁLVAREZ V.E. (2024) "Las primeras cajas y libros de lecciones de cosas y la puesta en práctica de la enseñanza intuitiva. No pidamos peras al olmo." *Cabás*, 32, 128-148.
- ROLDÁN VERA, E. (2012) "¿"Enseñanza intuitiva", "enseñanza objetiva" o "lecciones de cosas"?: derroteros supranacionales de tres conceptos pedagógicos modernos en el siglo XIX." *XVII Jornadas Argentinas de Historia de la Educación*, 17, 18 y 19 de octubre de 2012 – San Miguel de Tucumán.
- JOVER OLMEDA, G. (2022) "La pedagogía de las cosas, un nombre viejo para una vieja idea." *Pedagogía de las cosas: quiebras de la educación de hoy*. Ed. Octaedro
- ESCOLANO BENITO, A. (1998) "La segunda generación de manuales escolares". *Historia ilustrada del libro escolar en España. De la posguerra a la reforma educativa*. Fundación Germán Sánchez Ruipérez.
- GÓMEZ, F. , SOMOZA, M , BADANELLI, A. M. Exposición virtual temática "Los manuales de lecciones de cosas." Centro de investigación de Manuales Escolares. ([https://www.centromanes.org/?page\\_id=756](https://www.centromanes.org/?page_id=756))
- SÁNCHEZ, J. (2014). "Lecciones de cosas". *Cuadernos del Museo Pedagógico y de la Infancia de Castilla – La Mancha*. 8

Texto: Laura Rodríguez Castelos (Área de Didáctica)